


- 1 Le esta postal e rodea as abreviaturas que atopas. Despois, cópiaas e indica ao lado de cada unha a que palabra se refiren.


<p>29 set.</p> <p>Ola, Xián!</p> <p>Como estás? Estou acabando as vacacións nunha localidade preciosa da montaña, por aquí todo é moi verde! Cambiamos o número de tel., xa cho darei.</p> <p>Bicos</p>	<p>Carme Piñeiro</p> <p>r. Landra, núm. 56</p> <p>36500 Lalín</p>
---	---


- 2 Localiza na sopa de letras dúas palabras agudas, dúas graves e dúas esdrúxulas e clasifícaas.

<p>C Ú S P I D E P</p> <p>O F R G Ó T R A</p> <p>G R Á F I C A R</p> <p>L Á Z É M A S C</p> <p>I X E M Í L G H</p> <p>D I V U N O S Í</p> <p>X L I R E R N S</p>	<p>agudas</p> <p>graves</p> <p>esdrúxulas</p>
--	---

- 3 Que tipo de oración estarán a dicir estes personaxes? Inventa unha para cada un.

a 

b 

c 

1 Le atentamente este cómic para captar ben o seu sentido.



Fonte: JACOBO FERNÁNDEZ: “A Pepereira”, en *Golfiño*

2 Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

	V	F
A pepereira é a mesma planta que a pereira.		
As peras da pepereira son artificiais.		
As peras andan polo seu propio pé.		
As peras póñense á sombra da pepereira.		

3 Debuxa as siluetas das seguintes palabras do cómic.

pereira	perito	Perillo

1 Le este cómic tantas veces como sexas capaz nun minuto e medio.



Fonte: JACOBO FERNÁNDEZ: "A Pepereira", en *Golfiño*

Cantas veces o liches?

2 Le en voz alta este texto tres veces seguindo o código. Anota os tempos de cada lectura na táboa que tes a continuación.

8 = p
2 = i

As 8eras art2f2c2a2s buscan unha 8e8ere2ra 8ara sub2r a ela e converterse en 8eras natura2s. Logo ba2xan da 8e8ere2ra e van na 8rocura dunha 8ere2ra da que 8endurarse e estar rodeadas doutras 8eras.

	Tempo
1.ª lectura
2.ª lectura
3.ª lectura

Nome: Data: Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

Para:

De:

Asunto:

Ola, Uxía!

Que tal? Mira, quería desculpar porque creo que metín a zoca co asunto da canción. Síntoo de verdade.

Cando fixemos o traballo de música, ti dicías que a canción *Lela* era orixinalmente un poema de Castelao e eu dicíache que non, que a compuxera Rosa Cedrón. Que testana son, verdade? Pero xa me coñeces... Ás veces non recoñezo que podo estar equivocada. Tiñas razón! Era un poema de Castelao.

Mañá rematamos o traballo xuntas, de acordo?

Un biquiño,

Iria

1 Que tipo de texto é o anterior?

Unha carta.

Unha postal.

Un correo electrónico.

Un diario.

2 Quen é o emisor do texto? E quen o recibe?



3 Cal cres que é o obxectivo principal do texto?

Pensar nun tema para o traballo de música.

Falar sobre quen ten razón acerca dun poema.

Pedir desculpas por un erro que se cometeu.

Preguntar polos deberes que había que facer na clase de música.

Nome: Data: Curso:

- 4 Que información se dá no apartado *Asunto* que aparece ao principio do texto?

.....

- 5 A quen pertence finalmente o poema do que se fala no texto?

A Iria. A Castelao. A Rosa Cedrón. A Uxía.

- 6 Que quere dicir a expresión *meter a zoca*?

Equivocarse en algo. Meter un zapato nalgún lugar.
 Ter razón sobre algo que se dixo. Gañar nunha discusión.

- 7 Sen mirar o texto risca as palabras que non aparecen nel.

poema entendo perdóame biquiño traballo músico testana Síntoo

- 8 Cal é a definición correcta de *testana*?

Persoa que pensa moito antes de tomar unha decisión.
 Persoa que só mira polos seus intereses.
 Persoa que sempre está pensando nos demais.
 Persoa que persiste nas súas ideas.

- 9 Imaxina que es Uxía e respóndelle a Iria.

Para:

De:

Asunto:

.....

1 Observa o debuxo e completa a receita.


FACEMOS UN

INGREDIENTES:

* Pan de * Queixo * Unha tixola
 * Manteiga * Xamón cocido

PASOS:

- cun coitelo de untar o coa manteiga.
- Introducir o e o xamón entre as dúas rebandas de pan.
- o enriba da tixola xa quente e esperar ata que se funda o queixo. Darlle a volta, esperar un chisco, e xa está listo!



2 Completa as oracións cos substantivos do cadro segundo as indicacións entre parénteses.

- | | | | | | | |
|-------|----------|------|--------|-------|------|---------|
| torta | alfabeto | ramo | cómics | Mauro | avoá | bandada |
|-------|----------|------|--------|-------|------|---------|

- No safari observamos moitos animais: un tigre, dous gorilas e unha (substantivo común, colectivo, feminino) de aves salvaxes.
- Ordenei todos os (substantivo común, masculino, plural) segundo o (substantivo común, colectivo, masculino).
- Regalámoslle un (substantivo común, masculino, colectivo) á (substantivo común, feminino, singular).
- O meu curmán (substantivo propio, masculino) fixo unha (substantivo común, feminino, singular) para toda a familia.

3 É correcta a afirmación deste científico? Por que?



.....

.....

.....